



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

XEFATURA TERRITORIAL DE VIGO

Servizo de Traballo e Economía Social

**Convenio o Acordo: INDUSTRIAS Y COMERCIO VITIVINÍCOLAS
(IND. VINÍCOLAS OU ADEGAS, COMER. VINÍCOLA E VITICULTURA...)**

Rectificación de erro por omisión

No BOP nº 24, do 05-02-2014, publicouse o convenio colectivo sector de “INDUSTRIA VINÍCOLAS OU ADEGAS, COMERCIO DE VIÑO E VITICULTURA NAS ADEGAS DE PONTEVEDRA”.

Advertido que no texto do convenio colectivo omitiuuse parte do artigo 28º, artigo 29º completo e disposición final, procédese á súa publicación:

ARTIGO 28.—CONTRATACIÓN.

O personal traballador ligado ano a ano ás empresas do sector nos seus ciclos produtivos, teñen una preferencia de ocupación circunstanciada, é decir, supeditada a súa capacitación ou habilitación profesional, nas necesidades produtivas do campo, incluíndo, sulfatados,e todas las actividades relacionadas coa viticultura, excluída expresamente a vendima, sobre o personal traballador estritamente temporais ou sobre o personal traballador estritamente ocasional (ETTS). A tal efecto, as empresas comprométense obrigacionalmente, dentro dos seus esquemas e posibilidades organizativas respectivas, a contratar a este personal traballador fixo descontinuo por períodos anuais de o menos tres meses.

No caso de imposibilidade sobrevinda do cumprimento total ou parcial do contido obrigacional referido a contratación de personal traballador vinculado, a empresa xustificará e documentará suficientemente a sua decisión empresarial organizativa ante a comisión paritaria do convenio nun prazo de 45 días naturais dende o fin do periodo anual respectivo.

O personal traballador eventual, temporeiro e de campaña adquirirán a condición de fixos descontinuos, cando sexan contratados por terceiro ano consecutivo, sempre que prestaran un mínimo de tres meses de traballo por cada un dos tres anos, excluido expresamente a campaña da vendima.

ARTIGO 29º.—PARTES ASINANTES.

Son partes asinantes deste convenio, pola representación social, a Confederación Intersindical Galega (CIG), a Unión Xeral de Traballadores (UGT) e Comisións Obreiras (CC.OO.), en representación empresarial, a Asociación Empresarial de Bodegueros Rias Baixas e a Asociacion de Marcas Rias Baixas.

Disposición Final

A actividade diferenciada de viticultura e traballo no campo daquelas industrias vinícolas ou adegas e comercio do viño da provincia de Pontevedra, que desenvolvan tamén a actividade de viticultura baixo a mesma razón social da adega (vitivinicultores), rexiranse polo Réxime da Seguridade Social que determina a normativa estatal, e en particular a que desenvolve o Réxime Especial Agrario por Conta Allea da Seguridade Social.

Pontevedra, 19 febreiro de 2014.

2014000397-R